

BANDO

**DON MANUEL A. LEIS MÍGUEZ , ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA).
FAI SABER:**

Que na **ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE NEGREIRA** está aberto o prazo para a renovación de matrícula de nenos/as para o curso 2.024-2.025 e para a solicitude de novo ingreso de nenos/as para o curso 2.024-2.025.

RENOVACIÓN DE MATRÍCULA.

Ábrese o prazo de renovación de matrícula para o curso 2.024-2.025 dos alumno/as da Escola Infantil Municipal de Negreira que xa asistiron durante o curso 2.023 -2.024.

PRAZO: Do 1 de abril ao 15 de abril de 2024.

LUGAR: Escola Infantil Municipal de 9.00 a 14.00 h.

DOCUMENTACIÓN:

- Copias certificadas da declaración do IRPF de cada membro computable referidas ó exercicio económico con data de presentación da declaración pechada. Si non se viñera obrigado á presentación do IRPF, aportarase certificado de imputación de rendas e certificacións de ingresos referidos ó mesmo período (INEM, Seguridade Social, empresa contratante...)
- Copia da última nómina ou informe de Vida Laboral.
- Situación de desemprego: a acreditar mediante presentación de tarxeta de demandante de emprego con data anterior á da apertura do prazo de presentación de solicitudes
- Outros datos susceptibles de baremación, que varíen substancialmente a situación sociofamiliar.

Os nenos/as que solicitan renovar praza só a poderán facer no mesmo horario na que a tiñan concedida no curso anterior. No caso de que desexen solicitar unha praza en horario distinto terán que presentar unha solicitude de novo ingreso.

SOLICITUDE DE NOVO INGRESO.

Ábrese o prazo de inscrición de neno/as de 0 a 3 anos na Escola Infantil Municipal para o curso 2.024-2.025.

PRAZO: Do 1 de abril ao 30 de abril de 2024.

LUGAR: Escola Infantil Municipal de 9.00 a 14.00 h.

DOCUMENTACIÓN:

- Copia do DNI do pai e nai ou dos representantes legais do/a menor.
- Copia do libro de familia.
- Copias certificadas da declaración do IRPF de cada membro computable referidas ao exercicio económico con data de presentación da declaración do IRPF pechada. Se non se viñera obrigado á presentación do IRPF, aportarase certificación de imputación de rendas e certificacións de ingresos referidos ao mesmo período. Cando non sexa posible acreditar o nivel de rendas ou calquera outra circunstancia que afecten ao cálculo de cotas ou á baremación das solicitudes, presentarase declaración xurada, e poderá solicitarse emisión de informe aos servizos sociais municipais.
- Copia da última nómina ou informe de Vida Laboral.
- Situación de desemprego: a acreditar mediante presentación de tarxeta de demandante de emprego con data anterior á da apertura do prazo de presentación de solicitudes.
- Informe do equipo de valoración de minusvalías no caso de praza de integración.
- Informe de algunha deficiencia ou enfermidade dos membros da unidade familiar, ou certificado expedido polo organismo competente.
- Familia numerosa: que se acreditará coa presentación do documento oficial ou o resguardo de ter presentado a súa solicitude, segundo o que en cada momento indique a normativa ao respecto.
- Situación de familia monoparental, que segundo a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, se da cando formase parte dela un único proxenitor/a .
- No caso de vítimas de violencia de xénero: certificado da orde de protección ou medida cautelar, informe dos Servizos sociais municipais ou certificación dos servizos autonómicos de acollida.

“O que se fai público para xeral coñecemento”.

Negreira, 27 de marzo de 2024

O ALCALDE

Manuel A. Leis Míguez

